

**ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para a reparación de danos causados polos incendios, destinadas a titulares de infraestruturas de uso público do medio natural dentro da Rede galega de espazos protexidos e reservas da biosfera afectados polos incendios. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. DOG 166 (30/08/2025)**

## Obxeto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases e o outorgamento de axudas específicas para sufragar os gastos derivados das actuacións que se leven a cabo para a reposición ou reparación das infraestruturas de uso público do medio natural dentro da Rede galega de espazos protexidos e reservas da biosfera, como consecuencia dos incendios durante o verán de 2025.

Código de procedemento: MT100B

## Beneficiarios

Titulares de infraestruturas de uso público e de interpretación do medio natural que fosen afectados pola vaga de incendios en Galicia no verán de 2025:

- Concellos
- Montes veciñais en man común

## Gastos subvencionables

- A reposición ou reparación de elementos estruturais de sendas e rutas sinalizadas, incluíndo sinalización, miradoiros, varandas de madeira e tramos de pasarelas de madeira.
- A reposición ou reparación das infraestruturas e instalacións de interpretación do medio natural, incluíndo carteis e outras instalacións de interpretación do medio natural.
- A reposición ou reparación de elementos de áreas recreativas no medio natural.

## Contía da axuda

A Consellería poderá subvencionar o 100% do custo das actuacións cun máximo de 20.000 €/proxecto.

- Os montes veciñais en man común poderán solicitar a subvención por unha única actuación.
- Os concellos poderán solicitar un máximo de dúas actuacións.

## Anticipos

Poderán realizarse pagamento anticipado do 100%, quedando estes exentos da obriga de constituir garantías.

## Prazo de presentación de solicitudes

Dende o 1 de setembro de 2025 ata o 1 de outubro de 2025